

A un ano da sinatura do plan de empresa en Navantia: un plan para que?



Así

como o convenio único contou cun rexeitamento total entre a plantilla non afectada pola prexubilación, o plan de empresa creou certas expectativas, xa que significaba a incorporación dun número importante de traballadores/as e a promesa de investimentos na construción dun estaleiro moderno (dique para construción, novos talleres, aplicación dos conceptos da industria 4.0, etc.). ¿Cales son os feitos un ano despois?

Un

ano despois, a descomposición de Navantia agudízase perigosamente. A propaganda da empresa di que as novas incorporacións serán a panacea a tódolos problemas. Na nosa opinión, aínda que ditas entradas serán positivas, non influirán sobre o problema de fondo.

- O plan de empresa foi un plan da dirección no que os comités fixeron exactamente cero aportacións (agás no tocante ás condicións da prexubilación) e que non ten en conta os intereses dos traballadores que non se prexubilan. ¿Que estamos a ver neste ano? **Unha ACELERACIÓN DO PROCESO DE SUBCONTRATAÇÃO MASIVA que xa se viña dando**, tanto na produción (baleirado dos talleres de Tubeiros e de Chapa Fina, no Elaborado abandonáronse as liñas de previas e paneis e xa só permanecen en mans de Navantia o corte e o figurado) como no deseño. Todo o discurso da empresa sobre actividades core, valor engadido, etc., etc., é pura lería. **Trala enxeñaría de detalle, agora estase a subcontratar gran parte da enxeñaría funcional. É dicir, A DIRECCIÓN DE NAVANTIA ESTÁ A SUBCONTRATAR AS TAREFAS DECISIVAS, INCLUÍDAS ALGUNHAS QUE SON CRÍTICAS, RELEGANDO ÓS TRABALLADORES/AS DA PRINCIPAL A TAREFAS SECUNDARIAS E DE XESTIÓN.** Como comentou un compañeiro da Sala Técnica: ¿para Navantia, hoxe en día, un barco se reduce a unha folla Excel?. O desenvolvemento do plan tamén dá pistas moi claras. Por unha banda, o 75% dos novos ingresos serán persoas con moi pouca ou ningunha experiencia, cando o que Navantia necesita son profesionais. Por outra banda, digan o que digan, o plan non prevé a transferencia de coñecementos entre os traballadores que saen e os que entran. Do contrario, se tería optado por contratos relevo ou pola incorporación dos novos traballadores **antes** das prexubilacións. A dirección e os sindicatos que lle fan o xogo preferiron facer táboa rasa, deixando perder gran parte do coñecemento acumulado polos traballadores que se prexubilaron.- ¿En que situación se atopan os investimentos? Segundo comunicou a empresa nunha xuntanza co comité o 23 de xaneiro, en decembro deste ano empezaría a construción dun taller de bloques planos, que non estaría listo até como mínimo xaneiro de 2023, e polo tanto a primeira fragata coa que se faría o corte de chapa sería a F-112. Todo isto supoñendo que se

cumpran os prazos. Do novo dique, por agora nada de nada.- Que sucede cos novos ingresos? Todo o proceso está sendo tremendamente revelador para entender cales son as auténticas intencións da empresa. Por unha banda, estamos asistindo a unha cacicada épica por parte de Navantia, onde os escándalos que se veñen sucedendo non deixan lugar a dúbidas do modelo caciquil que, pola vía dos feitos consumados, aplica a empresa. Por outra banda, queda claro cristalino que o proceso está deseñado para que, na práctica, os traballadores da IA non teñan opcións (reparto 70/30, experiencia máxima de 3 anos nos júnior, esixencia de experiencia e titulación; visto o visto, a ver que sorpresas nos agardan na convocatoria dos sénior). ¿Por que non queren que a IA perda profesionais? Porque o plan é subcontratar toda a produción.

Un plan de empresa pode estar ó servizo de moitos propósitos. Pode estar ó servizo dos traballadores ou ó servizo dos empresarios da IA (e os seus cómplices necesarios dentro de Navantia). O futuro de Navantia non depende dun plan en abstracto, senón dun plan que sirva para fortalecer a empresa pública. A idea dos que argallaron todo isto é clara: unha empresa pública que asuma os gastos fixos que implica un estaleiro (instalacións, servizos comúns, mantemento?) e que se encargue da xestión comercial, e unha subcontratación masiva do traballo que se consiga. ¿Que non hai carga de traballo? Despídese ós traballadores/as da IA, e os empresarios non teñen gastos porque o propietario do estaleiro é o Estado, que tamén é o que busca novos contratos. ¿Que hai carga de traballo? Aparecen os empresarios e se forran a costa da precariedade e a explotación dos traballadores. ¿Que esa precariedade fai difícil atopar profesionais? Pois veña a choromicar para que o Estado pague a formación, como se esta non fose coas empresas. **Non teño instalacións, non busco choio, non formo, non manteño os meus profesionais?, só aparezo para poñer o cazo cando hai negocio.** Así é ?empresario? calquera. A chamada ?iniciativa privada? é un timo porque se apoia no saqueo sistemático de recursos públicos. **Os empresarios son innecesarios porque non xogan ningún papel na produción. Son meros explotadores de man de obra, son uns PARASITOS SOCIAIS.** Os feitos son teimudos: non hai razón para pensar que este plan de empresa servirá para mellorar Navantia como empresa pública. Todo o contrario: é unha continuación do desmantelamento posto en marcha cos plans de 1999 e 2005. Navantia xa non pode construír un buque por si soa e, polo camiño que leva a Sala Técnica, queda moi pouco para que tampouco poida deseñalo. A subcontratación é o problema de futuro máis grave que afronta Navantia. Hai que pedirlle ó novo goberno que adopte medidas de inmediato para corrixir este rumbo. É NECESARIO QUE, Á REIVINDICACIÓN DE CARGA DE TRABAJO, LLE SUMEMOS: 1) A DENUNCIA DE TODO O PROCESO DE PRIVATIZACIÓN INDIRECTA A TRAVÉS DA SUBCONTRATACIÓN. 2) A REIVINDICACIÓN DE QUE NAVANTIA CONTRATE DIRECTAMENTE, MEDIANTE CONVOCATORIA PÚBLICA E CON TÓDALAS GARANTÍAS, OS PROFESIONAIS QUE NECESITA PARA FACERSE CARGO TANTO DA XESTIÓN COMO DO DESEÑO E A CONSTRUCCIÓN DOS BARCOS. Como calquera outro sindicato, a **CGT** pode trabucarse. Pero nunha cousa non imos trabucarnos: o lado da barricada no que estamos. Nin por acción nin por omisión seremos cómplices dos que están a desmantelar unha empresa pública a costa de milleiros de traballadores e en beneficio de intereses privados espurios.

Sección Sindical Unitaria da CGT en Navantia-Ferrol